

Feira Medieval



Pregón da feira 2008



www.avvsantacombacovas.org



Covicheiros e Covicheiras, visitantes de outros lugares, chegou o tempo das feiras das festas e dos cantares; e o día de Santiago, que é data moi principal, disfrutaremos en Covas dunha feira medieval.

Curtidores e ferreiros, artesáns e malabares, pícaros, titiriteiros e xentes de alén os mares, traerán abalorios e sedas, comidas que nunca vimos, para gastar as moedas mentres gozamos e rimos.

Cabaleiros, donas e infantas, acudide con presteza, se queredes chegar antes para levar a mellor peza.

Axustade ben os prezos, mirade a calidade, e deixádevos de rezos se vedes que ben o vale.

Ás nenas e aos nenos non queremos esquecer, e por iso dispuxemos onde brincar e correr. Ademais haberá contos, trapalladas e xogos, para ledicia dos moitos que aínda lles queden folgos.

Despois de pasar tres días a feira ten que rematar, pero o digo coa alegría de que nun ano a de voltar. Desexamos que este evento feito con bo talante, deixe ao veciño contento e tamén ao visitante.



Covas 25 - 26 - 27 de Xullo
de 2008